

Manual de Calidade dos Centros da Universidade de Vigo

Ámbito institucional

Índice 07

Redacción	Validación	Aprobación
Área de Calidade	Comisión de Calidade da Universidade	Consello de Goberno
Data e sinatura	Data e sinatura	Data e sinatura

Histórico de evolucións

Índice	Data	Redacción	Motivo das principais modificacións
Borrador 00	20/12/2007	Área de Calidade	Edición inicial (creación do documento). Información contida no <i>Manual de calidade</i> como documentación marco.
01-03	2008-2012	Comisións de garantía de calidade dos centros	(Intervalo de modificacións realizadas polo centro baseándose nas recomendacións establecidas nos informes de avaliación dos sistemas de garantía de calidade, remitidos dende a ACSUG.)
			Evolución completa do <i>Manual de calidade</i> .
			Nova codificación, nova trama de redacción e estrutura. Simplificación de contidos.
04	03/11/2014	Área de Apoio á Docencia e Calidade	Capítulos afectados: todos. Consideración dos informes finais de auditoría de certificación da implantación do sistema de garantía de calidade da Facultade de Bioloxía e da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, no relativo ás funcións da Comisión de Calidade.
05	03/12/2019	Área de Calidade	Evolución derivada das actualizacións nos distintos procedementos Actualización da información e cambios na estrutura do documento
06	27/05/2021	Área de Calidade	Evolución derivada das actualizacións nos distintos procedementos Actualización da información e cambios na estrutura do documento
07	22/02/2022	Área de calidade	<p>Modificación da estrutura do Manual de Calidade. División do documento inicial en dous documentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Institucional • Específico de cada Centro. <p>Reorganización da información e documentos asociados para mellorar a eficacia na xestión dos mesmos. Maior orientación estratéxica e facilidade para a toma de decisións no centros</p>

Índice

1. Presentación: a calidade na Universidade de Vigo.....	4
1.1. Misión e visión da Universidade de Vigo	8
2. Estrutura Institucional organizativa en materia de calidade	9
2.1.1. Vicerreitoría con competencias en calidade	9
2.1.2. Xerencia.....	9
2.1.3. Comisión de Calidade da Universidade	9
2.1.4. Área de Calidade.....	10
2.1.5. Unidade de Análise e programas	10
3. O Sistema de garantía interna de calidade dos centros da Universidade de Vigo.....	11
3.1. Alcance.....	11
3.2. Referencias	11
3.2.1. Referencias legislativas básicas.....	11
3.2.2. Referencias normativas básicas.....	11
3.2.3. Referencias complementarias.....	12
3.2.4. O ciclo PDCA.....	12
3.3. Documentación.....	14
3.3.1. Manual de calidade.....	14
3.3.2. Política de calidade do Centro	15
3.3.3. Obxectivos de calidade do Centro	15
3.3.4. Procedementos de calidade	15
3.3.5. Rexistros de calidade do centro	15
3.3.6. Outros documentos	16
4. A aplicación informática para a xestión documental dos SGC dos Centros da U. Vigo	17

Anexos

Anexo 1. Cadro de relación directrices EEES- procedementos do SGC

Anexo 2. Mapa de Procesos

Anexo 3. Manual de uso da aplicación do SGC

1. Presentación: a calidade na Universidade de Vigo.

Os Estatutos da Universidade de Vigo estable entre os fins da Universidade de Vigo:

1. Crear, desenvolver, criticar e transmitir o saber mediante unha docencia e unha investigación de calidade e de excelencia.
2. Ofrecer unha educación superior de calidade que contribúa á formación integral do seu alumnado.

No ámbito da calidade a Universidade de Vigo desenvolveu numerosas accións e participou en distintos plans e programas enmarcado no eido da Calidade que engloban as primeiras iniciativas institucionais reguladas en España ata programas nacionais e internacionais xurdidos nos últimos anos. Nas seguintes liñas recóllese un esquema gráfico dos distintos programas de calidade nos que participou ou participa a Universidade de Vigo dende a súa creación.

Programa	Inicio do programa
Plans nacionais de avaliación	
Plan nacional de avaliación da calidade das universidades (PNECU), publicado no Real decreto 1947/1995, do 1 de decembro, e promovido polo Consello de Universidades	1995
II Plan de calidade das universidades	2001
Plan de avaliación institucional (PEI) da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA),	2003
Plans derivados da implantación do espazo europeo de educación superior	
Programa FIDES-AUDIT (Sistemas de garantía de calidade)	2007
Programa SIC (Selos internacionais de calidade)	2017

Un dos obxectivos que se estableceron na Declaración de Boloña (1999) era promover a cooperación europea en materia de aseguranza da calidade con miras ao desenvolvemento de criterios e metodoloxías comparables.

En 2005, publicáronse os *Criterios e directrices para a garantía de calidade no espazo europeo de educación superior*, desenvolvidos por ENQA (European Association for Quality Assurance in Higher Education, <http://www.enqa.eu/>), que constitúen a referencia dos programas de calidade desenvolvidos posteriormente no ámbito da educación superior. En 2015 la conferencia de Ministros celebrada en Ereván publicó una versión actualizada, “*fruto de un cuidadoso proceso de reflexión y de consulta pública en todo el Espacio Europeo de Educación Superior, iniciado a finales del año 2010 con el Proyecto MAP-ESG, en el que se elaboró un análisis de la interpretación e implantación de los ESG por parte de las agencias y las instituciones de educación superior en cada uno de los países.*”

A implantación do espazo europeo de educación superior (EEES) e o seu desenvolvemento lexislativo en España (LOM-LOU 2007, RD 1393/2007 modificado polo RD 1861/2011...) contribuíron a que a xestión da calidade se desenvolva e adquira un papel relevante no marco universitario.

Neste contexto desenvólvese o programa Fides-Audit, elaborado pola ACSUG, ANECA e AQU Catalunya, e referente deste manual de calidade.

A Universidade de Vigo participa na primeira convocatoria do programa Fides-Audit con once centros. No ano 2012, todos os centros (propios e adscritos) teñen certificado o deseño dos seus sistemas de garantía de calidade do programa Fides-Audit.

Nos anos 2013 e 2014, lévase a cabo unha mellora dos sistemas de garantía interna de calidade dos centros, con criterios de simplificación operativa, eficacia e sustentabilidade, o que dá lugar ao presente manual de calidade.

Iníciase, tamén, o proceso de coordinación e integración con outros sistemas de xestión de calidade (ámbito de xestión...). Neste mesmo período de tempo, obtivéronse os primeiros certificados de implantación do sistema de calidade dos centros da Universidade de Vigo.

Dando un paso mais no desenvolvemento dos SGC no marco do programa en FIDES-ADIT, ACSUG iniciou o proceso de certificación da implantación dos SGC que foi finalmente respaldado coa regulación da Acreditación Institucional no RD 420/2015 de 29 de maio de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios.

Na actualidade son un total de 13 centros os que dispoñen do Selo de Calidade que acredita a dispoñibilidade do seu sistema de garantía de calidade certificado.

Centros co certificado da implantación do seu SGC (datos actualizados en xuño de 2021)

Facultade de Bioloxía

Escola de Enxeñaría de Telecomunicación

Escola Superior de Enxeñaría Informática

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Escola de Enxeñaría Forestal

Facultade de Dereito

Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo

Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

Facultade de Filoloxía e Tradución

Facultade de Historia

Facultade de Educación e Traballo Social

Escola de Enxeñaría Industrial

Nos últimos oito anos tamén se empeza a desenvolver un programa de acreditación internacional que nun primeiro momento (2013) denominouse ACREDITA PLUS e que dende o 2017 pasa a integrarse no novo Programa de Selos Internacionais de Calidade, xestionado en ambos casos por ANECA. O obxectivo fundamental deste programa é garantir que:

- ✓ Un título que obtén algún destes selos cumpre os criterios de calidade establecidos máis aló das súas fronteiras, criterios acordados por axencias internacionais de aseguramento da calidade en educación superior, baseándose en estándares internacionais recoñecidos por empregadores/as de diferentes países.
- ✓ Se recoñece a calidade dun título con Selo dentro e fóra do país onde se imparte, sendo este recoñecemento un incentivo para potenciais estudantes para elixilo, porque esta acreditación ofrece información fiable sobre a calidade dos títulos que obteñen un Selo Internacional de Calidade.
- ✓ Aos/as empregadores/as dos/as egresados/as dun título con Selo Internacional de Calidade que os coñecementos e as competencias prácticas dos/as egresados/as deste alcanzan unha serie de estándares internacionais da educación no ámbito do título do Selo.

Este programa está actualmente destinado a titulacións Universitarias de :

- ✓ Enxeñaría
- ✓ Informática
- ✓ Química

Aos que proximamente se engadirá medicina.

Na Universidade de Vigo varias titulacións dispoñen xa deste Selo internacional de Calidade.

Titulación con Selo Internacional de Calidade (datos actualizados en xuño de 2021)

Grao en Enxeñaría Informática

Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación

Grao en Enxeñaría Forestal

Grao en Enxeñaría Mecánica

Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática

Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais

Recentemente en decembro de 2020, aprobouse o [Plan Estratéxico da Universidade de Vigo 2021-2026](#) que culminou un proceso de debate e unha aposta polo futuro á vista dos novos retos:

Na motivación do mesmo recóllese:

“A posta en marcha dun plan estratéxico para unha institución tan ampla e diversa como unha universidade é ante todo un traballo de reflexión colectiva de todos os grupos de persoas que conforman a institución e tamén dos axentes sociais próximos a ela. Ao longo deste proceso revisaranse os obxectivos marcados polo anterior plan estratéxico e o grao de cumprimento acadado, e realizarase unha visión e unha proxección da institución cara ao futuro. A través deste plan, a Universidade de Vigo no seu conxunto ten a oportunidade de fixar onde e como se desexa ver dentro de cinco anos, así como de definir as políticas e as medidas que deben implantarse para facer dese obxectivo unha realidade.”

1.1. Misión e visión da Universidade de Vigo

No Plan estratéxico da Universidade de Vigo 2021-2026 recóllese a Misión e Visión da Universidade de Vigo, establecendo:

Misión

Contribuír á mellora da vida das persoas e da súa contorna socioeconómica a través da docencia, da investigación e da transferencia de coñecemento.

Visión

A Universidade de Vigo é unha institución pública, autónoma, aberta á contorna e con vocación internacional, que promove a igualdade, a pluralidade, a accesibilidade, a sostibilidade, a transparencia, o progreso económico e o benestar social de Galicia.

Persegue este reto mediante unha ensinanza e unha investigación de calidade coas que contribuír á creación e á transferencia de coñecemento ao tecido socioeconómico e empresarial, á formación integral das persoas, ao desenvolvemento, á innovación e ao crecemento intelectual da sociedade pluricultural e plurilingüe na que se insire.

A UVigo pretende ser unha universidade caracterizada por un goberno transparente e participativo, centrada na satisfacción integral do estudiantado e do persoal, na captación de talento e nun maior grao de recoñecemento internacional nos ámbitos das humanidades, xurídico-social, das ciencias experimentais, das ciencias da saúde e da enxeñaría.

2. Estrutura Institucional organizativa en materia de calidade

No desenvolvemento dos programas de calidade institucionais, tanto no ámbito estratéxico como operativo, participan diversas persoas, unidades ou órganos de administración, baixo os principios de interdependencia, coordinación e cooperación.

2.1.1. Vicerreitoría con competencias en calidade

É a responsable da organización, avaliación e seguimento dos procesos de calidade da Universidade de Vigo, entre eles os referidos á actividade docente e ao rendemento académico do estudiantado.

2.1.2. Xerencia

Sen prexuízo das que lle poidan corresponder segundo o ordenamento xurídico ou por atribución da reitora ou reitor, as competencias da persoa que ocupe a Xerencia abrangerán:

- a) Dirixir a xestión dos servizos económicos e administrativos da Universidade e a coordinación da administración do resto dos servizos, de acordo coas instrucións do Consello de Goberno e da reitora ou reitor.
- b) Dirixir o persoal de administración e servizos, por delegación da reitora ou reitor.
- c) Elaborar o proxecto de orzamento e, dos proxectos de programación plurianual, supervisar e controlar a execución orzamentaria.
- d) Elaborar e actualizar o inventario de bens e de dereitos que integran o patrimonio da Universidade.
- e) Expedir cantos documentos e certificacións se lle requiran en materias da súa competencia.
- f) Calquera outra competencia que lle confira a lexislación, a reitora ou reitor, os estatutos e as normas que os desenvolvan.

(DECRETO 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo dos Estatutos da Universidade de Vigo. Artigo 34).

2.1.3. Comisión de Calidade da Universidade

A Comisión de Calidade da Universidade é a encargada de tratar as cuestións relacionadas coa planificación, desenvolvemento e avaliación da calidade que se concreten no seu regulamento. Está composta pola reitora ou reitor, que a preside, e polos cargos académicos, membros e representantes da comunidade universitaria e da sociedade que se determine regulamentariamente.

(DECRETO 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo dos Estatutos da Universidade de Vigo. Artigo 24).

2.1.4. Área de Calidade

A Área de Calidade ten por misión centralizar, coordinar e xestionar as actividades institucionais sobre calidade na Universidade de Vigo.

Os obxectivos principais da Área de Calidade son facilitar os procesos orientados a mellorar a calidade da Universidade de Vigo, así como xestionar as accións institucionais de calidade que contribúan á mellora continua e á busca da excelencia.

Son funcións desta área:

- Xestionar os programas institucionais de calidade nos distintos eidos de funcionamento da universidade (docencia, xestión e investigación)
- Apoiar, asesorar e coordinar as diferentes actividades institucionais en materia de calidade na universidade
- Promover o desenvolvemento dunha cultura de calidade na comunidade universitaria que fomente a mellora continua

2.1.5. Unidade de Análise e Programas

A Unidade de Análises e Programas é a unidade administrativa encargada da explotación de datos na Universidade de Vigo e para iso recompila a súa información para facilitarlla tanto a usuarios internos como externos, en estatísticas, rankings, portal de transparencia, dereito de acceso etc.

Entre as súas funcións destacan a realización de estudos, informes e estatísticas, centralizando os datos estatísticos da universidade. Tamén se encarga de dar publicidade dos devanditos datos e de todos aqueles que se atopan suxeitos a obrigas de publicidade activa pola normativa de transparencia estatal, autonómica e da propia universidade. Para tal fin xestiónao o Portal de Transparencia da nosa institución.

Coordina e xestiona o sistema de queixas, suxestións e parabéns da UVigo. Esta caixa está aberta como unha canle na que a comunidade universitaria e a cidadanía en xeral poida expoñer as súas opinións para a mellora da calidade do servizo público prestado na UVigo, todo iso, en estreita colaboración co resto das unidades.

Ademais das actividades e programas descritos no parágrafo anterior, a Unidade de Análises e Programas colabora nas seguintes accións: na calidade e estratexia da universidade, aportando indicadores para os programas de calidade; contratos programas de centros e na elaboración da memoria de Responsabilidade Social.

3. O Sistema de garantía interna de calidade dos centros da Universidade de Vigo

3.1. Alcance

O ámbito de aplicación do sistema de garantía interna de calidade dos centros da Universidade de Vigo abrangue a todas as titulacións oficiais de grao e mestrado universitario adscritas aos mesmos.

3.2. Referencias

Os principais referentes para o desenvolvemento dos Sistemas de Garantía de Calidade na Universidade de Vigo son:

- Criterios e directrices para o aseguramento de Calidade no Espazo Europeo de Educación Superior (ESG). Aprobados pola Conferencia de Ministros de maio de 2015.
- Programa FIDES-AUDIT. Guía para o deseño dos Sistemas de Garantía de Calidade
- Programa FIDES-AUDIT. Guía para a certificación da implantación dos Sistemas de Garantía de Calidade

3.2.1. Referencias legislativas básicas

- Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.
- RD 861/2010, do 2 de xullo, polo que se modifica o RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.
- Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo.
- Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes .
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

3.2.2. Referencias normativas xerais

- Norma UNE-EN ISO 9000: sistemas de xestión da calidade. Fundamentos e vocabulario.
- Norma UNE-EN ISO 9001: sistemas de xestión da calidade. Requisitos.
- Norma UNE-EN ISO 9004: xestión para o éxito sostido dunha organización. Enfoque de xestión da calidade.
- Norma UNE-EN ISO 19011 directrices para a auditoría dos sistemas de xestión


- Modelo EFQM de calidade e excelencia.

3.2.3. Referencias complementarias

- *Manual de linguaxe inclusiva no ámbito administrativo*. Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, 2012.
- Plans de Igualdade entre homes e mulleres da Universidade de Vigo.


3.2.4. O ciclo PDCA

A aplicación do ciclo PDCA (desenvolvido por E. Deming), que se representa en todos os procedementos do SGIC (Plan-Do-Check-Act), permite a orientación permanente a quen sexa cliente/a (e, en xeral, aos grupos de interese), en termos de necesidades, expectativas e satisfacción e, así mesmo, cara á mellora continua da eficacia dos procesos –estratéxicos, clave e soporte– que conforman a organización.



- Ⓟ Planificar: establecer os obxectivos e os procesos necesarios para conseguir resultados de acordo cos requisitos, necesidades e expectativas dos grupos de interese e as políticas da organización.
- ⓓ Desenvolver (facer): implantar os procesos.
- Ⓢ Controlar (verificar): realizar o seguimento e a medición dos procesos, dos produtos e dos servizos respecto ás políticas, obxectivos, requisitos, necesidades e expectativas, e informar dos resultados.
- Ⓐ Actuar (aprender): tomar accións para mellorar continuamente o desempeño dos procesos.(Fonte: Norma UNE-EN ISO 9001)

Desde esta mesma óptica de mellora continua, a seguinte figura, publicada no documento «Directrices, definición e documentación dos sistemas de garantía interna de calidade da formación universitaria», elaborado pola ANECA, ACSUG e AQU Catalunya, representa o conxunto de aspectos que deberán considerar á hora de definir e documentar o sistema de calidade do centro.



3.3. Documentación

A estrutura documental que se describe a continuación está deseñada para dar resposta ás esixencias e directrices establecidas para o aseguramento de calidade no *Espazo Europeo de Educación* e concretadas no programa FIDES-AUDIT.

O sistema de garantía de calidade de tódolos centros da Universidade de Vigo responde á seguinte estrutura documental:

3.3.1. Manual de calidade

É o documento principal do sistema de garantía de calidade que recolle a información básica e xeral referida a organización, estrutura e documentación asociado a xestión de calidade tanto a nivel institucional como especificamente en cada centro. Por iso divídese en dous documentos complementarios e en ningún caso excluíntes que só se comprenden en conxunto.

- manual de calidade de ámbito institucional enmárcase na estrutura, órganos e fitos asociados ao global da institución, no contexto amplo e común da Universidade de Vigo.

A xestión de este documento é responsabilidade da Área de Calidade aínda que para súa redacción e validación participan os centros e unha representación de tódolos grupos de interese. O Manual de Calidade do ámbito institucional é validado pola Comisión de Calidade da Universidade.

- manual de calidade do ámbito de cada centro recolle as especificacións de cada centro así como unha presentación e posicionamento do mesmo en materia de calidade.

A xestión do manual de calidade de ámbito de centro realízase segundo o establecido:

– Redacción (creación e modificacións): a proposta de redacción do manual de calidade do centro recae na Área de Calidade, co obxectivo de dispoñer dunha estrutura semellante que garanta unha coherencia global en tódolos centros. Esta proposta é completada pola coordinación de calidade (no marco do equipo directivo/decanal do centro), co obxecto de incluír os elementos específicos de cada centro.

– Validación: a Comisión de Calidade do centro debate e suxire cambios e valida cada evolución do manual mediante unha sinatura (manuscrita ou electronicamente) no documento orixinal.

- Aprobación: a Xunta de Centro aproba cada evolución do manual mediante unha sinatura (manuscrita ou electronicamente) no documento orixinal.
- Modificacións: toda actualización dos contidos do *Manual de calidade* xera unha evolución do seu índice. O índice de actualización incrementábase nunha unidade en cada evolución do documento, sendo o primeiro «00» e os seguintes «01», «02»...
- Difusión: a responsabilidade da súa difusión, interna e externa, recae na dirección o no decanato do centro.
- Arquivo: o arquivo do orixinal das versións sucesivas do manual é asegurado pola coordinación de calidade do centro, sen límite no tempo. As evolucións anteriores do manual arquívanse mediante unha marca ou selo coa descrición «Obsoleto».

3.3.2. Política de calidade dos centros

Corresponde aos centros determinar a súa política de calidade de acordo as súas especiais características, situación, contorna e intereses específicos. Constitúe, xunto cos Obxectivos de Calidade do centros, a formalización da estratexia de cada centro en materia de calidade. A xestión da documentación (creación, modificación, aprobación, difusión, aplicación, retirada e arquivo) está descrito no procedemento «DE-01 P1 Planificación e desenvolvemento estratéxico» e «XD-01 P1 Control dos documentos».

3.3.3. Obxectivos de calidade dos centros

Os Obxectivos de Calidade parten dunha estrutura común definida institucionalmente baixo a coordinación da Área de Calidade, para garantir unha transversalidade mínima en tódolos centros pero complétase cun bloque de obxectivos específicos, de acordo a estratexia específica de cada centro establecida na súa política de calidade.

3.3.4. Procedementos de calidade

Os procedementos describen a forma en que se levan a cabo as actividades dos procesos. Desenvolven e complementan o *Manual de calidade* e poden incluír documentos anexos. A xestión da documentación (creación, modificación, aprobación, difusión, aplicación, retirada e arquivo) está descrito no procedemento «XD-01 P1 Control dos documentos».

3.3.5. Rexistros de calidade dos centros

Determinados anexos, unha vez cubertos, convértense en rexistros de calidade. Os rexistros recollen datos obxectivos das actividades efectuadas e dos seus resultados. Proporcionan evidencias da conformidade cos requisitos do sistema de garantía de calidade e son proba do seu funcionamento e

eficacia, é dicir, da calidade obtida. A xestión dos rexistros está descrito no procedemento «XD-02 P1 Control dos rexistros».

Adicionalmente, pode existir outra documentación de referencia, interna ou externa, en materia de calidade, como lexislación, normativa e outra documentación aplicable a cada un dos procesos

3.3.6. Outros documentos

Documentos de apoio: en función das necesidades pode ser necesario ou aconsellable elaborar documentos de apoio (instrucións, guías, manuais...). A xestión da documentación (creación, modificación, aprobación, difusión, aplicación, retirada e arquivo) está descrito no procedemento «XD-01 P1 Control dos documentos».

4. A aplicación informática para a xestión documental dos SGC dos Centros da U. Vigo

A Universidade de Vigo dispón dunha aplicación informática institucional para facilitar a xestión documental derivada da xestión de calidade dos centros da Universidade de Vigo, conforme aos seus sistemas de calidade.


É unha aplicación incorporada na secretaría virtual da Universidade de Vigo, polo tanto de acceso restrinxido <http://secretaria.uvigo.gal/>

As persoas usuarias habilitadas para empregala son as seguintes:

Coordinadores/as de calidade
Coordinadores/as de titulación
Persoal administrativo da Área de Apoio a Centros e Departamentos
Comisións de avaliación de ACSUG

A aplicación de calidade incorpora dous módulos fundamentais:

I. Ligado á xestión de evidencias rexistros do sistema de calidade dos centros



II. Ligado á xestión de planos de mellora



No Anexo 3, de este documento, incorpórase un manual completo de uso de esta aplicación